

10 Infraestruturas

Aspectos vinculados coa posta en marcha e desenvolvemento do Parque Tecnolóxico centraron algunhas das accións de máis envergadura enfrontadas pola Universidade da Coruña en materia de infraestruturas, como se pon de manifesto neste capítulo da Memoria 07. É o caso da redacción de estudos ou proxectos para ampliar o CITEEC ou para construír o CICA, por citar dous exemplos significativos.

Outras cuestións salientables na acción de goberno desde o Servizo de Arquitectura e Urbanismo da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental son a preparación dos estudos sobre necesidades da UDC con vistas á revisión do Plano Xeral de Ordenación da Coruña ou os preparativos para a redacción do Plano Director de Infraestruturas da UDC.

Xunto con estudos, proxectos e concursos para acometer obras como a construción dun centro cívico en Esteiro, dunha sala de prensa na Reitoría ou do futuro Centro Cultural de Riazor, cómpre destacar a importancia das múltiples reformas en todos os centros aparelhadas á implantación do Espazo Europeo de Educación Superior.

Por outra banda, durante 2007 realizáronse e estudáronse importantes obras para a mellora da eficiencia enerxética das edificacións da UDC. As actuacións en materia enerxética sempre levan ligadas as análises de mellora ambiental e mellora económica co detalle do período de retorno do investimento. Consolídanse varios proxectos nestes campos, algún dos cales

se acometeron no exercicio 2007 e outros se acometerán durante o 2008.

Canto a informática e comunicacións, púxose en marcha Xescampus, unha nova ferramenta para xestión académica e botouse a andar a plataforma de televisión IP.

Cómpre salientar tamén como éxito notable da UDC a posta en marcha da Oficina de Sóftware Libre para o uso do sóftware libre nos ámbitos da docencia, da investigación e da administración da Universidade da Coruña, que ten entre os seus obxectivos fundamentais o de difundir e o de promover o uso do sóftware libre entre a comunidade universitaria e a sociedade en xeral, promover a agregación e máis a coordinación de esforzos entre as universidades, as institucións e as empresas, e realizar o seguimento e mais o desenvolvemento do Plano estratéxico do sóftware libre na UDC.

Infraestruturas e urbanismo

Áreas de Urbanismo e Edificación

É tarefa da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental – Servizo de Arquitectura e Urbanismo (VIXA–SAU) no eido do urbanismo e da edificación tanto o desenvolvemento de proxectos e construcións de obra nova como de obras de reparación do espazo público e edificacións. Relaciónanse, a continuación, as accións máis destacadas executadas polo departamento.

- Urbanismo e urbanización: obra nova
Preparación das condicións para o desenvolvemento dalgúns dos proxectos máis estratéxicos da UDC.

- Preparación de estudos e documentación para informar sobre as necesidades da UDC na revisión do Plano Xeral de Ordenación Urbana da Coruña.
- Redacción do proxecto de ordenación da área empresarial do Parque Tecnolóxico da UDC. Deseño da ordenación definitiva do parque nas parcelas 21 e 22 do Plano Parcial da UDC, base para os concursos de edificación (CICA, ampliación do CITIC) que se convocaron en 2007.
- Proxecto de expropiación dos polígonos 1 e 6: redacción do proxecto de expropiación de terreos necesarios para completar as áreas científica e empresarial do Parque Tecnolóxico.
- Redacción de pregos e organización do concurso para a redacción do Plano director de infraestruturas da UDC.

Así mesmo, realizáronse os proxectos e a dirección de obras de urbanización destinadas a mellorar a calidade e o uso público do campus.

- Urbanización do monte da Fraga, en que se inclúe a reforestación e limpeza dos terreos, a construción de novos camiños e accesos e a recuperación para o monte do aparcadoiro do anexo da Facultade de Filoloxía, para conseguir un novo ámbito público e sustentable no campus da Coruña – A Zapateira.
- Urbanización da estrada fronte ás facultades de Ciencias da Educación, Socioloxía-Ciencias da Comunicación e Dereito. Deseño dun plano

completo de actuación e recuperación peonil do ámbito destas tres facultades e da rotonda central do campus. Construción parcial deste proxecto coa limitación a un único sentido de circulación desta estrada e a reconfiguración das áreas de aparcadoiro.

- Novos accesos á escola infantil da Zapateira.
- Construción de pasos elevados destinados á redución da velocidade de circulación.
- Acondicionamento do contorno do Lagar.
- Proposta de percorrido do carril bici executado polo Concello da Coruña.

- Edificación: obra nova

O traballo do VIXA – SAU nesta área divídese en tres categorías

Realización de proxectos ou xestión de proxectos, concursos e obras dos oxectivos inmediatos da UDC:

- Redacción de pregos técnicos e organización do concurso para a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do CITEEC
- Comezo da coordinación do desenvolvemento do proxecto básico e de execución do CITEEC, de cara á precisión programática do edificio e á adaptación ás necesidades dos distintos grupos de investigación
- Realización de estudos previos, redacción de pregos técnicos e organización do concurso para a redacción do proxecto básico e de execución do CICA
- Realización de estudos previos, redacción de pregos técnicos e organización do concurso para a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do CITIC.

- Xestión do proxecto básico e de execución e organización do concurso para construción da primeira fase do Centro Cultural de Riazor
- Xestión do proxecto básico e de execución e organización do concurso para construción da sala de prensa na Reitoría
- Redacción do proxecto básico de execución e organización do concurso para construción da ampliación do Centro Universitario de Riazor
- Xestión do proxecto básico e de execución de reforma da pista de tenis da Zapateira para sala de usos múltiples
- Resolución do concurso de obras para a construción do Centro Cívico de Esteiro
- Resolución do concurso de obras para a construción da ampliación da escola infantil da Zapateira
- Resolución do concurso de obras para a construción da reforma do andar baixo da Facultade de Ciencias e construción desta obra
- Resolución do concurso de obras para a adaptación da Facultade de Socioloxía a Ciencias da Comunicación e construción desta obra.

Redacción e xestión de proxectos para o próximo desenvolvemento da UDC.

- Estudos previos para o concurso do Campus Center e reordenación do contorno do estadio de atletismo, LERD e Pavillón Deportivo
- Anteproxecto para a edificación dun equipamento cívico universitario nos terreos libres na parcela 23, edificio Xoana Capdevielle
- Anteproxecto para a construción dun viveiro de empresas no Parque Tecnolóxico
- Anteproxecto para a construción dunha Unida-

de Mixta de Investigación no aparcadoiro de Aparelladores – Arquitectura

- Estudos previos para a ordenación da área deportiva prevista no Plano parcial da UDC
- Estudos previos para a ordenación dun desenvolvemento residencial para acoller expropiados no contorno do núcleo de Castro de Elviña
- Estudo de relación do campus da Coruña – Elviña co castro de Elviña
- Estudo da relación do campus da Coruña – Elviña con San Vincenzo de Elviña
- Estudo para a catalogación dos edificios da Cidade Escolar de Riazor
- Anteproxecto para a adaptación ao EEES da Facultade de Dereito.

Redacción de proxectos de arquitectura e dirección de obras, así como xestión de proxectos e obras realizadas externamente para o acondicionamento dos centros e de adaptación ao EEES.

- Deseño da adaptación para o comezo do uso do centro asistencial de Oza – Terapia Ocupacional. Redacción do proxecto de arquitectura, instalacións e subministracións completas e xestión das adquisicións de moblaxe para en posta en marcha do espazo propio da diplomatura de Terapia Ocupacional no Campus de Oza
- Coordinación, colaboración e apoio técnico na xestión dos planos dos centros para a adaptación ao EEES
- Construción de diversas aulas e despachos departamentais, accións de reformas en espazos comúns e bibliotecas dos centros para a adaptación ao EEES, entre os que destacan: despachos e almacéns na Facultade de Dereito, reforma da

biblioteca e aulas máster na Facultade de Socioloxía e Ciencias da Comunicación, aulas máster na Facultade de Económicas, aulas e despachos na Escola de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, novos despachos na Facultade de Filoloxía, novos despachos na Escola de Náutica, nova aula de estudo no Centro Universitario de Riazor, novas aulas adaptadas ao EEES na Facultade de Humanidades e conexións cos laboratorios anexos da Escola Universitaria Politécnica de Serantes.

- Urbanismo e edificación: reforma

As vicerreitoría, en concordancia coas demandas dos centros e coas especificacións do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, desenvolveu unha acción continua de mellora dos centros, encamiñada a garantir o uso óptimo das infraestruturas e a adecuación ás distintas normativas.

Área de Instalacións

As obras executadas durante 2007 na área de instalacións poden clasificarse pola súa natureza en tres bloques diferenciados.

- Eficiencia enerxética

- Instalación solar térmica da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física: finalizárase en maio de 2008 e permitirá obter do sol un 35% da enerxía anual necesaria para o calentamento da piscina
- Mellora do sistema de alumeado nas aulas especiais e aulas magnas da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. Adoptouse a unha nova tecnoloxía o sistema de alumeado que acadou nas aulas especiais un aforro do 75%

- Implementación de válvulas de corte por zonas na Facultade de Humanidades: sectorización da calefacción do centro, adaptando cada sala ás necesidades reais de calefacción. As galerías teñen un control independente que permite cortar a calefacción nesta zona os días de moita radiación solar
- Realización dun inventario completo do alumeado exterior: co obxecto de comezar en 2008 un proxecto de reforma do sistema de alumeado que ten grandes posibilidades de redución do consumo enerxético
- Estudo de aforro enerxético para o Edificio de Servizos Centrais de Investigación
- Sistema de ventilación de mínimo gasto enerxético para a Escola Técnica Superior de Arquitectura: conséguese cun mínimo consumo enerxético evitar os efectos do sobrequecemento nas aulas de informática no andar 5 da ETSA
- Estudo para a substitución das caldeiras do campus da Zapateira: A sala de caldeiras representa un forte impacto no contorno polo seu aspecto descoidado e un elevado gasto enerxético, dado que son caldeiras con moitos anos e baixas eficiencias
- Creación dunha táboa de índices de consumo por centro para valorar os centros máis eficientes e os menos
- Remate da obra solar fotovoltaica do CITIC, que permite vender enerxía eléctrica á compañía comercializadora de enerxía.

- Melloras en seguridade

- Instalación do sistema de aire acondicionado para o laboratorio de química orgánica

- Estudo para a retirada dos condutos de evacuación das vitrinas da Facultade de Ciencias
- Estudo da climatización do laboratorio de combustibles no CIT
- Realización de inspeccións periódicas de baixa tensión en 7 centros e posterior solución de problemas de seguridade nas instalacións
- Inspeccións periódicas dos centros de transformación en 12 centros.
- Outras obras, instalacións e estudos
 - Mellora da instalación eléctrica da Escola Universitaria Politécnica de Serantes: cambio da liña de acometida ao centro, dotación de grupo electróxeno, cambio de cadros xerais e mellora da instalación interior de baixa tensión do centro
 - Instalación de calefacción para o baixo cuberta do edificio de departamentos da facultade de Filoloxía
 - Estudo técnico das facturas de subministración eléctrica e de gasoil para detectar baixadas de rendemento, penalizacións nos consumos eléctricos por necesidade de variar a potencia contratada, necesidade de baterías de condensadores, etc
 - Climatización e sistema de contraincendios para o CPD, situado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación, do que depende todo a conexión e servizos de rede informática da UDC
 - Sistema de ventilación para os aseos da Escola Politécnica Superior
 - Xestión do convenio de desenvolvemento sostible coa Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible
 - Mellora do sistema de alimentación ininterrompida para o Edificio de Servizos Centrais de Investigación.

Oficina de Medio Ambiente

Durante o 2007 planificáronse tres proxectos e unha actividade dentro da área medioambiental que referimos a continuación:

- Actividade “Aprendendo a facer compost”: planificada durante o 2007. Consiste na realización de xornadas de voluntariado ambiental (10 horas) e clases teóricas (1 hora) para explicar polo miúdo o proceso da compostaxe
- “A auga no campus”: proxecto que se está a realizar sobre a relación da auga no campus da Coruña - área de Elviña - A Zapateira. Recolle aspectos de recuperación de canles fluviais, aproveitamento de augas (reutilización e reciclaxe da auga), aforro da auga etc....
- Ventilación bioclimática para a aula de estudo do Xoana Capdevielle
- Construción de balsas para a depuración de augas residuais no monte da Fraga. Servirán para a depuración de augas residuais canalizadas desde a Facultade de Filoloxía.

Área de Equipamentos

As adquisicións de material para mellorar as condicións de docencia e uso dos edificios máis salientables foron as seguintes:

- Dotación de moblaxe para o CITIC
- Dotación da moblaxe necesaria para o comezo da actividade docente no centro asistencial de Oza pola diplomatura de Terapia Ocupacional
- Dotación de campás de seguridade e vitrinas na Facultade de Ciencias co obxectivo de adecuar

- as instalacións á normativa de riscos laborais
- Dotación de moblaxe para os novos espazos da Facultade de Ciencias da Comunicación: despachos e estudo de televisión
- Dotación de moblaxe para os novos despachos departamentais da Facultade de Filoloxía
- Dotación de moblaxe para as aulas máster da Facultade de Económicas e Empresarias
- Dotación de moblaxe para as aulas máster de turismo e para a biblioteca de Socioloxía
- Dotación de moblaxe para unha nova aula de estudo no Centro Universitario de Riazor

Centro	Proxecto	Importe
EU de Relacións Laborais de Ferrol	Escaleira	12.674
	Pintado	31.961
	Total centro	44.635
Facultade de Filoloxía	Laboratorio de idiomas	70.000
	Equipamento de aulas	11.000
	Total centro	81.000
Facultade de Ciencias da Comunicación	Aula informática	19.500
	Total centro	19.500
EU de Deseño Industrial	Acondicionamento de espazos	14.311
	Equipamento Aula Experimental Técnica	48.595
	Total centro	62.906
Facultade de Informática	Aire acondicionado laboratorios	31.651
	Acondicionamento de espazos	62.242
	Sistema de videoconferencia	36.863
	Equipamento informático para laboratorios de docencia e aulas	95.539
	Total centro	226.295
Facultade de Dereito	Acondicionamento de espazos	44.150
	Sala de vistas	22.250
	Equipamento informático para a docencia	28.543
	Total centro	94.943
Facultade de Ciencias	Equipamento de laboratorios de docencia	141.221
	Total centro	141.221
Facultade de Ciencias da Educación	Acondicionamento de espazos	6.389
	Equipamento de espazos para traballo autónomo	20.924
	Eliminación de barreiras arquitectónicas	9.128
	Equipamento docente para aulas	109.103
	Equipos informáticos aula multimedia	27.000
	Total centro	172.544
EU de Enfermaría e Podoloxía	Aulas de traballo en grupo	14.370
	Laboratorio de usos múltiples	6.825
	Sala demostración enfermería	3.000
	Sala de biomédica	15.875
	Aula Net	42.835
	Total centro	82.905

Cadro 145 Proxectos presentados polos centros para adaptación de instalacións e equipamento ao EEES

Escola Universitaria Politécnica	Equipamento laboratorios electrónica industrial	86.000
	Obras e equipamento de laboratorios de electricidade	38.500
	Equipamento de laboratorios navais	25.000
	Total centro	149.500
EU de Fisioterapia	Adaptación de espazos docentes	24.000
	Eliminación de barreiras arquitectónicas	9.128
	Equipamento de laboratorios	17.000
	Equipamento audiovisual para a docencia	8.500
	Equipamento informático para a docencia	21.500
	Total centro	80.128
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Novas aulas POPs	34.000
	Equipamento aulas de informática	47.500
	Acondicionamento de espazos	19.900
	Novas aulas POPs	52.598
	Total centro	153.998
EU de Estudos Empresariais	Acondicionamento de espazos	62.800
	Total centro	62.800
ETS de Camiños, Canais e Portos	Acondicionamento de espazos (despachos)	104.920
	Seguridade e accesibilidade	27.870
	Total centro	132.790
Facultade de Humanidades	Acondicionamento e equipamento de aulas	67.000
	Total centro	67.000
ETS de Arquitectura	Reforma de espazos para a xestión	50.000
	Reforma e melloras de instalacións	26.000
	Novas aulas	37.916
	Equipamento docente	69.885
	Total centro	183.801
EU de Arquitectura Técnica	Acondicionamento de espazos	115.929
	Total centro	115.929
Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física	Eliminación de barreiras arquitectónicas	30.000
	Equipamento de laboratorios	60.000
	Total centro	90.000
ETS de Náutica e Máquinas	Taller de Tecnoloxía Mecánica	104.900
	Total centro	104.900
Facultade de Socioloxía	Equipamento informático de aulas	31.000
	Aula de prácticas en sistemas CATI e Telnet	21.600
	Total centro	52.600
Escola Politécnica Superior	Accesibilidade ao centro	13.000
	Equipamento de talleres e laboratorios	68.000
	Equipamento informático	12.000
	Total centro	93.000
Total de proxectos		2.212.395 €

Cadro 145 Proxectos presentados polos centros para adaptación de instalacións e equipamento ao EEES (continuación)

Informática e comunicacións

O Servizo de Informática e Comunicacións (SIC) optou por un planeamento integral de definición e xestións conforme á norma internacional ISO 20000 (ISO/IEC 20000:2005 IT Service Management System) de xestión de servizos de informática e de telecomunicacións, norma aliñada coas mellores prácticas da Information Technology Infrastructure Library (ITIL). Ao longo de 2007 acometeuse a primeira fase do proxecto.

Deste xeito poderase atender un maior número de incidencias (no ano 2007 resolvéronse 4.096 incidencias, un 6% máis que no ano 2006) e dun xeito máis efectivo.

Novas aplicacións

O Servizo levou a cabo con éxito a implantación dunha nova ferramenta de xestión académica e profesorado (Xescampus) en substitución, logo de 14 anos, da antiga aplicación (Arkhe). Xescampus é froito dun convenio asinado entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento conxunto de ferramentas de xestión universitaria. A ferramenta foi implantada no mes de xullo de 2007 e os primeiros procesos desenvolvidos foron a xestión da matrícula dos graos e posgraos oficiais do curso 2007-2008. Implantárase de xeito progresivo, na maior parte dos módulos de xestión académica e profesorado.


No que atinxe aos sistemas de xestión económica e administrativa, seguen o seu curso o proxecto de racionalización e implantación de expedientes administrativos, na súa segunda fase, co que xa son 90 os

expedientes racionalizados, e o proxecto de desenvolvemento dun sistema de información á dirección para as áreas de I+D+i e Recursos Humanos para a Universidade da Coruña. Alén disto, estase a continuar co soporte da aplicación de xestión de persoal, retribucións e xestión económica, xa con todos os modelos fiscais incorporados. Dentro do propio Servizo de Informática e Comunicacións desenvólvese un conxunto de aplicacións de xestión de persoal que complementa as dispoñibles na xestión de concursos de traslados de persoal PAS laboral e funcionario e xestión de procesos selectivos.


No mes de maio de 2007 o Servizo de Informática e Comunicacións, puxo en marcha a plataforma de televisión IP no enderezo <http://www.udctv.es>, por tanto a UDC converteuse nunha das primeiras universidades españolas en poñer a disposición do público en xeral os contidos audiovisuais de alta cualidade desenvolvidos na mesma. O proxecto da televisión en internet da UDC supón a culminación dos traballos iniciados no ano 2005 para a posta en marcha dun sistema de vídeo baixo demanda que serve de medio de difusión de contidos multimedia de interese para o público en xeral. O sistema deseñouse para permitir a integración dos contidos multimedia, tanto en directo como gravados na plataforma de teleformación e das guías docentes universitarias.

Infraestruturas de comunicacións

O feito máis relevante no ámbito das comunicacións foi a contratación da infraestrutura de fibra óptica monomodo para o Backbone que interconecta os campus da Universidade da Coruña e de Ferrol. Coa súa posta en marcha faise realidade a conexión plena



Interconexión dos campus por fibra óptica monomodo



Cadro 146 Portos da Rede da UDC en 2007


de todos os centros da UDC a unha infraestrutura que lles permita incorporar as tecnoloxías da información e as comunicacións aos ámbitos de docencia e investigación, especialmente as tecnoloxías multimedia.

As infraestruturas de comunicacións que permiten a conexión dos postos de traballo dos usuarios continuaron medrando. Tras os investimentos dos pasados anos en ampliación de equipos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), a rede da UDC ten case 12.000 puntos de conmutación


cunha ocupación real de case 9.000 equipos informáticos, o que supón o 75,1 % de ocupación.

No que atinxe ás comunicacións telefónicas, a UDC dispón de 4.576 extensións telefónicas, logo da adquisición do equipamento necesario ao longo do ano 2007 o que supuxo un incremento do 13,27% no número total. A maior parte destas, case o 40%, seguen a estar no campus da Coruña – Elviña, mentres que no campus de Ferrol están instaladas o 18% do total de extensións.


Cadro 147 Extensións de centrais telefónicas UDC en 2007



Cadro 148 Porcentaxe de incremento de extensións telefónicas (2006 - 2007)



Cadro 149 Evolución das altas de usuarios UDC-WiFi (2004-07)



Dentro do proxecto de dotar os diferentes campus universitarios con infraestruturas que permitan a realización de videoconferencias de calidade, ao longo do ano 2007, púxose en funcionamento unha nova aula de videoconferencia avanzada na Facultade de Filoloxía. Esta é a segunda sala que se pon en marcha na Universidade da Coruña. A súa instalación vén

completar a sala AccessGrid do edificio de Servizos Centrais de Investigación.

Aulas de informática

O SIC xestiona directamente máis de 900 postos en 33 aulas dispoñibles nos distintos centros para o seu


uso polos estudantes. Ao longo do ano o número total de postos e de aulas xestionadas medrou en case un 10%. No total de aulas e postos non se inclúen aquelas que xestiona directamente cada un dos centros e non precisan apoio do SIC. instaláronse 194 novos ordenadores persoais, dos cales 87 correspóndense con novos postos de traballo e os 107 restantes empregáronse para substituíren equipos obsoletos.

Facultade Virtual

Durante o ano traballouse para a posta en marcha no curso académico 2007-08 da nova plataforma de aprendizaxe da UDC baseada en Moodle, e da plataforma de guía docente, desenvolvidas conxuntamente coa Universitat Rovira i Virgili.


	2004-2005	2005-2006	2006-2007	Variación %
1.º e 2.º ciclo	8.599	12.190	14.566	+ 19%
Terceiro ciclo	46	57	38	- 34%
Precursos	664	563	637	+ 13%
Mestrado e posgraos	23	17	85	+ 400%
Total	9.332	12.827	15.326	+ 19,5%

Cadro 150 Evolución do número de estudantes que empregan a Facultade Virtual



Cadro 151 Profesorado que emprega a Facultade Virtual por ámbito científico


Cadro 152 Evolución do profesorado que emprega a Facultade Virtual



O dato máis relevante no acontecer da Facultade Virtual no ano 2007 foi o seu emprego masivo para o aloxamento de materias ou cursos de mestrado e

posgraos, que pasaron de 2 a 102. Isto fixo que se superase a cifra de mil materias dispoñibles na Facultade Virtual.

Cadro 153 Evolución do número de materias dispoñibles na Facultade Virtual



Sóftware libre

A posta en marcha da Oficina de Software Libre fórmulase no Libro branco para o uso do software libre nos ámbitos da docencia, da investigación e da admi-

nistración da Universidade da Coruña, que se presentou oficialmente en abril de 2006.

A OSL centrou parte da súa actividade no despregue de servizos e de investigación en liña de sistemas.

Puxéronse en marcha unha serie de servizos en fase piloto encamiñados a dotar a UDC dunha presenza importante na comunidade do sóftware libre. Ao tempo, o despregue de servizos deseñouse para dotar a infraestrutura da UDC de servizos baseados en tecnoloxías libres.

Entre os moitos proxectos que se desenvolveron cómpre salientar o convenio asinado coa Consellaría de Innovación e de Industria para a posta en funcionamento dunha ferramenta colaborativa de desenvol-

vemento. Neste marco púxose en marcha A Forxa de Mancomun.org, que en só nove meses de vida conta con máis de 60 proxectos rexistrados e máis de 100 persoas usuarias. O proxecto foi destacado no IDABC da Unión Europea e será o modelo a seguir para a futura implantación dunha forxa europea.


Asemade, a OSL ten tamen un firme compromiso coa normalización lingüística e co emprego do galego nas novas tecnoloxías, en especial no referente ao sóftware libre.

Recursos audiovisuais

O Servizo de Recursos Audiovisuais (RecAv) ofrécelle á comunidade universitaria o soporte e os medios precisos para integrar as tecnoloxías da información e


da comunicación nas actividades que se desenvolven en docencia, investigación e cultura.

Cadro 154 Actividades do Servizo de Recursos Audiovisuais en 2007



Aprécisase unha maior carga de traballo no apartado técnico –asistencias, gravacións, virtualización de contidos, préstamo de equipos–, xa que o RecAv é requirido frecuentemente para apoiar actividades onde as tecnoloxías son precisas para a boa marcha dos actos.

Porcentualmente as actividades culturais e institucionais son as que máis reclaman este servizo, aínda que cómpre destacar a ETS de Arquitectura como centro xerador de contidos, coa organización de diversos congresos, xornadas e clases maxistras, así como coa remasterización dixital do seu valioso arquivo videográfico.



Cadro 155 **Actividades do Servizo de Recursos Audiovisuais en 2007 segundo temas**